

Narón
**Merece
Máis!**

**Farémolo
Contigo!**

**Programa electoral
municipais 2023**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Narón
**Merece
Máis!**

**Farémolo
Contigo!**

Programa electoral municipais 2023



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Merecemos un Narón das persoas	pax 09
<ul style="list-style-type: none">• Espazos públicos e mobilidade• Proxectos• Servizos básicos• Servizos para todas as persoas• Transporte• Vivenda	
Merecemos cultura	pax 17
<ul style="list-style-type: none">• Cultura• Memoria	
Merecemos máis oportunidades	pax 25
<ul style="list-style-type: none">• Comercio• Formación e educación• Emprego• Parques empresariais• Xestión de orzamentos e transparencia• Sectores primarios	
Merecemos un Narón sostíbel	pax 33
<ul style="list-style-type: none">• Natureza e medio ambiente	
Merecemos un Narón conciliador	pax 37
<ul style="list-style-type: none">• Inclusión social e benestar• Democracia, participación e transparencia• Igualdade e loita contra o patriarcado	
Merecemos un Narón para presumir	pax 45
<ul style="list-style-type: none">• Deporte• Patrimonio• Turismo• Lingua• Mocidade	

Temos un obxectivo claro: **Narón merece máis** e a partir do 28 de maio será posíbel porque construíremos **un concello que porá ás persoas e o seu benestar no centro de todo**. Integrando rural e urbano, todo o concello, non só unha praza, un parque, unha zona de xogos, un barrio se non a cidade de Narón no seu conxunto, sen crear perigosas distincións que produzan desigualdades. Nós temos un proxecto claro e no que gañamos toda a cidadanía. Só o BNG conta coa valentía, o bo facer e a liberdade para levalo con rumbo certo. Ademais, estes catro anos, fomos a voz do pobo no Concello e a voz de Narón no Congreso, no Parlamento Galego, no Parlamento europeo e na Deputación.

A marca BNG nos concellos e garantía de bo facer e de quen gaña é a xente. De transformar a realidade. **Se o BNG está as persoas están!**. E nós temos o mellor equipo e a mellor candidata, Olaia Ledo.

Tendo claro o obxectivo, a ferramenta imprescindible para construír son os principios políticos.

Presentámosvos un proxecto para Narón con ideas e actuacións que van desde o inmediato ata o medio prazo. **Un proxecto no que Narón será o concello do que todas nos sintamos persoas orgullosas, o Narón no que todas queiramos vivir e ver medrar a nosa familia, un concello para descansar, traballar, ir de compras ou simplemente gozar**. O Narón que merecemos, o Narón que ti queres, porque, **Narón merece máis!**

**merecemos
un Narón
das persoas**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

1.1. Espazos públicos e mobilidade

Os concellos teñen plenas competencias para incidir no espazo público, o espazo que compartimos todos e todas. Traballaremos desde unha perspectiva de xénero no tratamento destes espazos, desde o punto de vista simbólico, da seguridade e da mobilidade, para dar prioridade absoluta ás persoas, acceso democrático e equidade no uso dos mesmos.

Espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros, con usos plurais, en definitiva, centros de socialización e convivencia. Iso implica tamén un novo plan de mobilidade para o concello que se rexa por unha nova xerarquía peón, bicicleta, transporte público, automóbil...

Narón merece que as rúas teñan vida a diario e na fin de semana, e para iso elaboraremos unha ordenanza de uso dos espazos públicos do Concello para ordenar e facilitar o seu emprego.

Como primeiros obxectivos destas actuacións atoparanse:

- Solicitar a titularidade da Estrada de Castela ao seu paso por Narón á Xunta de Galiza, e comezar co seu proceso de humanización converténdoa nunha rúa que integre os distintos barrios e con apoio ao comercio e emprendemento da zona.
- Reforma e mellora da accesibilidade da estrada de Cedeira
- Plans directores para todos os barrios e parroquias e que se contemplan no PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal)
- Creación nas parroquias de “núcleos de centralidade urbana” no que se dote de servizos públicos, actividades culturais e contornas accesíbeis e pensadas para as persoas e dinamización das parroquias. Realizándose en prazas, parques e zonas comúns nas que facer vida.

- Humanizar as contornas de:
 - Praza do concello de Xuvia
 - Praza da Gándara
 - Rúa 25 de Xullo no Alto
- Reformular a reforma da rúa principal da Solaina en Santa Icí, para facer unha intervención acordada coa veciñanza que serva para solventar os problemas existentes
- Farase un plan urxente para solucionar os problemas de accesibilidade en rúas e edificios a curto prazo e un proxecto que viabilice actuacións de maior calado. (Desprazamento de farolas, marquesinas que cortan os pasos, pivotes, desniveis...)
- Revisión de todos os parques e zonas de xogo infantil arranxando as deficiencias, facéndoos accesíbeis e máis seguros, aloxándoos do tráfico motorizado, e promovendo parques infantís inclusivos en todos os barrios e parroquias.
- Implantarase a zona 30 nalgunhas áreas urbanas na procura da eliminación de accidentes por atropelo e promover a seguridade peonil.
- Apostarase por crear un sistema de aparcadoiros públicos disuasorios efectivo nos diferentes barrios.
- Promover o tráfico rodado polas vías de alta capacidade que desconxestione o centro urbano.
- Comunicaranse os parques empresariais coa zona urbana e rural mediante o acceso peonil e carrís bici que chegen ata as zonas de San Mateo de Trasancos, O Val, Freixeiro, e o Alto.
- Facer un plan de mellora dos viais nas parroquias, tanto do firme como das beiravías, que facilite a mobilidade a pé con total seguridade, e de forma consensuada coa veciñanza e entidades parroquiais, así como co resto de administracións.
- Plan de revisión da seguridade nas vías do rural, para favorecer a eliminación de accidentes, tomando as medidas necesarias para axudar a este fin

(instalación de lombos, pasos de peóns intelixentes, cambios de iluminación ou sinalización...)

1.2. Proxectos

- Creación dun espazo multifuncional de lecer e uso deportivo para o paseo de Xuvia-Piñeiros-Freixeiro
- Transformación do antigo centro de saúde no Alto, buscando dinamizar a zona, e transformándoo nun edificio multiusos, con moi boas conexións a internet e con espazos polivalentes, orientado a 4 eixos fundamentais:
 - con salas de estudo e de reforzo da biblioteca
 - espazos para diferentes asociacións do concello
 - espazos coworking e de cesión a emprendedores.
 - sala de exposicións e multiuso
- Un proxecto acordado coa veciñanza no lugar do cuartel da Guardia Civil de Xuvia
- Recuperación das antigas naves da feira do 13 cun proxecto actualizado para uso de congresos, feiras e exposicións
- Un parque do deporte con parkour e pump track nunha zona centro
- Instalación de recarga de vehículos eléctricos no aparcadoiro do Pazo da Cultura, nos tres parques empresariais de Narón, na contorna de Río Seco e no barrio de Xuvia

1.3. Servizos básicos

- Asegurar a chegada de todos os servizos básicos do saneamento e a traída de auga en todo o concello.

- Colocaranse bancos cada 200 metros para facilitar a mobilidade a pé en todas as idades. Ao mesmo tempo que instalaremos pasamáns para persoas con mobilidade reducida aló onde sexa preciso.
- Afondar na iluminación LED nas rúas e edificios públicos.
- Estudo e realización dun plan de aforro enerxético en tódolos edificios públicos do concello.
- Revisarase o estado e situación das antenas de telefonía móbil.
- Traballar polo soterramento de todos os cableados, instalacións e suministros que non sexan imprescindíbeis ter en superficie para evitar impacto visual.
- Apostarase polo muralismo nas fachadas dos edificios como forma de actualizar e mellorar a imaxe da nosa cidade.
- Asegurarse que a fibra, ferramenta indispensable hoxe, sexa de calidade en todas as parroquias.

1.4. Servizos para todas as persoas

- Prácticas de contratación pública que aseguren que todas as instalacións e equipamentos comprados pola administración municipal son de acceso universal.
- Promover que os eventos municipais estean pensados para todas as persoas. (accesibilidade, zonas de baixo estrés sensorial...)
- Posta en marcha en todos os edificios e espazos municipais de cartelería inclusiva para todas as persoas.

1.5. Transporte

- Impulsarase un plan de transporte público con outras administracións que comunique o rural e a parte urbana, cando menos nos servizos máis importantes coma concello, centros de saúde, xulgados, zona deportiva e institutos.
- Adecuación do número de unidades de transporte público accesíbeis ás necesidades reais das persoas que residen no concello.
- Implementación dun sistema de bonos de taxi para compensar o custo adicional que implica a actual carencia de transporte público accesíbel. Este modelo xa está implementado en concellos do BNG e con resultados moi positivos.
- Apostarase polo tren como modo para comunicar os barrios e parroquias polos que pasa, e seguirase loitando para ter un servizo de calidade.
- Diseñar un plan das parroquias e barrios afectados polas vías de alta capacidade e vías do tren que sirvan para humanizar a zona e non divida Narón en dous.
- Conveniar con Feve unha reforma dos apeadoiros para facelos máis visíbeis e actualizados e axudar a incentivar o seu uso (exemplo: paneis electrónicos con horarios)

1.6. Vivenda

A vivenda é un dereito e todas as administracións deben traballar para garantilo. Narón volveu sufrir nestes últimos catro anos desafuzamentos pese ao traballo inxente que o BNG desenvolveu perante a Xunta de Galicia e no Parlamento Español. É por iso, que no BNG pulamos por facer de Narón un lugar onde o dereito a unha vivenda digna estea garantido.

- Estudarase a posibilidade de facer vivenda protexida, ou adquirir algunha existente para o seu uso.
- Convenio coa SAREB para evitar problemáticas e favorecer a vivenda social no concello.
- Priorizarase o uso, reforma e remodelación das vivendas existentes nos diferentes barrios sobre a construción de vivenda nova (Ex: farase un especial seguimento ás zonas de Xuvia e A Solaina ou O Ponto na que comezan a sucederse moitos edificios baleiros)
- Facer un programa que poña especial interese nas vivendas das zonas do rural e barrios nas que nos últimos anos se ve un especial incremento de vivenda en venta e deshabitada. Compre tomar medidas para evitar o despoboamento.
- Apostarase por un PXOM que poña por diante o ordenamento do concello e os intereses da veciñanza de Narón por riba das grandes construtoras.
- Deseño e axudas para crear un plan de ascensores compartidos en edificios residenciais para barrios da cidade que o precisen.
- Axudas ao aluguer para a xente nova.
- Bonificación do IBI para as vivendas sociais e prezo taxado. Baixar o IBI no rural.
- Fomentar as cooperativas de vivenda.
- Creación dun plan de choque preventivo para familias con posibilidade de entrar en risco de exclusión social, axilizando a comunicación entre administracións, servizos de emprego, oferta local, etc..

**merecemos
Cultura**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

2.1. Cultura

A cultura é un dereito e que non pode tratarse como un departamento estanco, é parte indisoluble de nós e axúdanos a ser máis libres e acadar máis benestar. Protexela, entender a súa transversalidade e ofertala a toda a veciñanza por igual é parte do traballo dun concello:

- Desenvolvemento dun Plan estratéxico da cultura que defina cara onde queremos camiñar neste eido proxectando as liñas de traballo conxunto con outros sectores estratéxicos do concello e que favoreza a participación cidadá.
- Apostarase por unha oferta cultural rica, variada e de calidade escapando dos produtos comerciais enlatados feitos por grandes empresas para o seu consumo masivo. Promoción da cultura galega propia en todos os ámbitos.
- Evitarase que toda a oferta cultural do concello xire entorno a un edificio, sacarase a cultura para a rúa, dentro da idea de dinamizar os espazos públicos ao tempo que tamén se levarán obradoiros e outras actividades culturais ás diferentes parroquias co obxectivo de dinamizalas. Dotar ás escolas culturais municipais dunha estrutura que permita convertelas nun foco de creación cultural municipal con participación da veciñanza.
- Seguir a impulsar e consolidar a biblioteca e dotala de maiores fondos, incluíndo parroquias e barrios na rede de bibliotecas de Galiza.
- Recoller o patrimonio oral e inmaterial de Narón como parte indisoluble da nosa cultura propia e desenvolver liñas de actuación para a súa conservación, divulgación, goce e utilización como fonte de investigación e creación cultural con base endóxena.
- Rede museística da muiñeiría e a industria agropecuaria coa recuperación do Muíño das Aceas e Pedroso e unha ruta con panelería polo paseo marítimo que contextualice a importancia da industria agropecuaria na zona de Xuvia para o desenvolvemento do Concello.

- Promover os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a creación musical popular, tradicional e contemporánea e facilitando a súa difusión por medio dunha rede cultural local que dote de actividade cultural os centros cívico sociais municipais.
- Crearase unha sala de exposicións na zona do Alto como fomento da creación local.
- Desenvolvemento dun espazo de formación e difusión para artes e artesanías.
- Facilitarase o acceso á oferta cultural nas festas populares de barrios e parroquias.
- Traballar na consecución de oferta audiovisual en galego para o noso concello.
- Crear unha liga local de deportes autóctonos e xogos populares interxeracionais como maneira de relacionar parroquias entre si.
- Crear unha feira do libro con programa cultural propio polo día das Letras Galegas.
- Creación dun festival musical, audiovisual que sirva de referente no país e en relación directa con Narón.
- Fomentar un programa de residencias artísticas.
- Desenvolver un programa de festas municipais repartidas por todo o concello, que actúe como elemento vertebrador de todo o territorio municipal sen exclusións.
- Apoio ás comisións e asociacións veciñais e de festas dos barrios e parroquias, sen interferir nas liñas de actuación decididas polas propias entidades de maneira autónoma e democrática.
- Tomar o espazo público como marco de desenvolvemento cultural e veciñal.

2.2. Memoria

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional.

- Apoiaremos desde os Concellos todas aquelas actividades que contribúan para deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para recoñecérmonos como pobo.
- Posta en valor da memoria histórica do concello, tirando do esquecemento os nomes de persoas importantes na súa historia.
- Actuacións para cando menos amañar, visibilizar e converter en lugar de honra as fosas comúns do noso concello (exemplo: cemiterio de San Mateo de Trasancos, placa conmemorativa no Val...)
- Eliminación da simboloxía e daquelas representacións que quedan alusivas ao golpe de Estado e á ditadura franquista.
- Retirar calquera honra concedida desde o concello a figuras do golpe de estado e da ditadura.
- Salvagarda do carácter laico das institucións, evitando o financiamento de iniciativas confesionais ou a prevalencia de entidades relixiosas fronte a iniciativas sociais, así como, a non participación do funcionariado local en razón do seu cargo e como representación institucional en actos relixiosos.

**merecemos
máis
oportunidades**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO



Unha premisa para poder garantir calidade de vida é contar cun traballo digno. Impulsar medidas que dinamicen a economía local e apoiar o coñecemento, a investigación e innovación que promoven empregos de calidade. Tamén favorecer o retorno da mocidade emigrada e un traballo específico cara este sector implica enchernos de futuro. Narón, como motor económico da comarca, ten que incentivar un plan conxunto para os tres parques empresariais. Por iso é preciso que Narón se faga escoitar no resto de administracións, algo que o BNG estivo a facer nestes últimos catro anos.

3.1. Comercio

No BNG cremos firmemente no pequeno e mediano comercio, sabemos que é o que sustenta un concello e é o seu mellor escaparate, capaz de crear traballo de calidade e que vertebra barrios e parroquias. Os #ConcellosBNG son concellos onde o comercio medra e ten futuro e para iso merece máis apoio e compromiso, así:

- Apostaremos polo pequeno e mediano comercio como fonte de riqueza e traballo no noso concello. Tamén como instrumento imprescindible para dotar de vida os nosos barrios.
- En todas as actuacións urbanísticas se buscará axudar a que as zonas da cidade sexan un punto de encontro e vida na rúa que teña entre outros beneficios a proxección do pequeno e mediano comercio.
- Potenciaremos as campañas da promoción da hostalería, e dos produtos de Narón do sector primario. Buscaremos blindar o concello de Narón contra a instalación de novas grandes áreas comerciais (PXOM)
- Pularemos por crear unha feira quincenal no entorno da praza da Gándara para, entre outras cousas, potenciar a venda de produtos de proximidade e das entidades sociais de Narón e pór así o produto local en valor.
- Crear unha aplicación móbil para fomentar a merca de produtos no comercio de Narón.

- Crear centros comerciais abertos
- Traballar con todos os e as emprendedores e mediano comercio, independentemente pertenzan a unha asociación ou non
- Mellorar as sinerxias e colaboracións coa Asociación de Comerciantes de Narón
- Información do comercio local en todos os espazos públicos de Narón

3.2. Formación e educación

- Investir en formación e educación é investir no futuro de Narón mais, tan importante é facer inversións propias, coma conseguir que as outras administracións cumbran coas súas obrigas. Por todo isto en Narón:
- Sacaremos o maior partido posible ás instalacións do concello (Irmáns Freire, ..etc) proxectando cursos de formación para axudar á reinserción laboral atendendo a grupos de mocidade, mulleres e maiores de 50 anos e sectores máis necesitados.
- Desenvolver unha liña de relación entre as liñas de formación e asesoramento municipal cos centros de formación profesional situados no concello.
- Pularemos por un acordo entre institucións que permita traer para Narón un instituto politécnico que mellore a oferta de formación para a nosa mocidade.
- Defenderemos ante a Xunta a necesidade de comedores e servizo de madrugadores con prazas suficientes en todos os centros que así o soliciten. Promoveremos a nivel supramunicipal, e en relación con outras administracións, cociña propia alá onde sexa posible e cátering de cercanía con produtos locais e de calidade onde non hai espazo para cociña propia. Mentres que non sexa posible será o concello quen asuma a xestión.
- Defensa das escolas do rural, asegurando a súa continuidade. Pular con decisión para que non se produzan novos peches e reabran as de Pedroso ou Castro.

- Pular para que no CRA do Val sexa impartido 5º e 6º de primaria.
- Desenrolar programas de conciliación familiar. Potenciar o desenrolo das “Escolas de Familias” en colaboración coas ANPAS.
- Traspaso das escolas infantís municipais á rede da Xunta de Galiza, que as fagan 100% públicas.
- Traballar pola mellora estrutural dos centros de ensino (responsabilidade da Xunta) e a súa adaptación para que sexan inclusivos.
- Formación transversal, en relación co coidado do medio ambiente, ecoloxismo e reciclaxe con organizacións e asociacións que si o traballan, defenden e o promoven. Evitar empresas como Sogama ou Endesa que o fan como mero programa propagandístico.
- Investir en I+D+i desde a formación.
- Promover convenios con universidades e empresas para crear en Narón un polo de innovación empresarial que favoreza o emprego en novos sectores.
- Favorecer a construción dun novo edificio para o CEIP Ponte de Xuvia accesíbel e con espazos que permita desenvolver o proxecto educativo con calidade e en igualdade.
- Apoio ás asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas no seu labor de control da calidade educativa nos centros de ensino do concello

3.3. Emprego

Unha das premisas para poder garantir benestar e calidade de vida é poder contar cun traballo digno. Desde os concellos debemos poñer as ferramentas para crealo. Importante é apostar por que este sexa de calidade e que nos axude a medrar como sociedade cualitativa e cuantitativamente:

- Elaborar un Plan de emprego xuvenil para orientar as políticas de ordenación urbana, mobilidade e subvencións e favorecer a implantación de novas actividades económicas para a xente moza.
- Axudas a emprendedores con bonos ou descontos en facturas/servizos como a auga e o lixo.
- Crear un viveiro de empresas, facilitar espazos gratuítos para emprendedores que queiran desenrolar ideas innovadoras.
- Fomentar proxectos de colaboración coas Universidades Galegas e cos Centros Integrados de Formación Empresarial
- Potenciar a creación de bolsas destinadas a titulados/as superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Crear redes de empresas comprometidas que favorezan a inserción laboral daqueles colectivos máis desprotexidos, “empresas colaboradoras”. Esta rede traballará mediante convenios a prol da igualdade de oportunidades entre todas as persoas, a través do establecemento de vantaxes para aquelas que se adiran. Así mesmo, engadir nas licitacións públicas criterios de valoración en prol da paridade de xénero, colectivos con diversidade funcional ou risco de exclusión social.
- Desenvolver un Plan de ensino de oficios, dando oportunidade a persoas dentro do abano entre 60-65 anos para ensinar oficios como soldadura, albanelería, carpintería, ferrería...
- Eliminar a fenda tecnolóxica entre urbano e rural mellorando a internet e comunicacións dixitais nas parroquias.
- Velar polo cumprimento dos convenios colectivos en todas as contratacións e licitacións municipais.

3.4. Parques empresariais

- Faremos unha forte aposta por converter os nosos polígonos en verdadeiros parques empresariais mediante:
- Mellora das comunicacións, transporte público aos tres polígonos e carril bici.
- Melloras das telecomunicacións.
- Mellora dos espazos de lecer e do aspecto visual.
- Potenciar empresas que aposten polo I+D+I e que aporten postos de traballo de alta cualificación.
- Seguir a promover o chan industrial e ofrecer vantaxes non só a grandes grupos se non tamén a autónomos e pequenos empresarios como lugar para poder desenvolver as súas ideas.
- Dotar dunha saída do polígono Río do Pozo en dirección ao Val.

3.5. Xestión de orzamentos e transparencia

A cidadanía non comprende como un goberno con máis de 35 millóns de euros de orzamento, destine o 90% a gasto corrente, cando a xente necesita investimentos, obras e servizos. Estes catro anos vimos moita propaganda mais nunca nada rematado. Por iso queremos rematar con esta situación, constituír un goberno do BNG, sólido, que se preocupe de resolver os problemas da xente. Co voso apoio conseguiremos. As nosas medidas son:

- Traballar por un concello saneado e que poña os recursos dos que dispón ao servizo dos intereses do pobo e da súa mellora da calidade de vida e non ao de grandes empresas ou na construción de obras faraónicas e populistas.

- A contratación pública será estratéxica e responsábel para acadar obxectivos sociais (cláusula social), éticos (comercio xusto e responsábel) e ambientais (cláusula verde). Valorando traballar con entidades sen ánimo de lucro.
- Afondar nos criterios de xustiza social nas medidas fiscais e prezos públicos, incluíndo bonificacións para persoas desempregadas.
- Facilitar os trámites e xestións. Proximidade na xestión.
- Baixadas do IBI no rural e bonificación do IBI en vivendas sociais a prezo taxado.
- Apostarase pola comarcalización mancomunada dos servizos, especialmente nos que se recuperen das Deputacións.
- Estudo da remunicipalización dos servizos privatizados (auga, lixo, bibliotecas...) para que pasen a ser de titularidade pública nun prazo o máis curto posíbel.
- Cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública con empresas

3.6. Sectores primarios

Narón é un concello cunhas características impresionantes para desenrolar actividades agrarias e gandeiras, e son moitos os/as veciños/as que apostan por elas. É importante facer unha aposta decidida por estas actividades coma unha maneira de fixar poboación no rural. Un rural forte é un síntoma dun concello ben estruturado. Fixar poboación con apego á terra é un garante dun territorio coidado e vivo.

- Potenciar o consumo de proximidade.
- Posta en valor dos produtos propios do concello, e traballar no seu recoñecemento como posta en valor de Narón.
- Fomentar a adquisición de produtos locais (do agro e do mar) nos servizos municipais (escolas infantís, comedores escolares, centros de servizos sociais...)

- Crear unha feira na Gándara onde ofrecer postos para poder fomentar e dar visibilidade ao produto local.
- Facilitar a tramitación previa e as taxas para as pequenas industrias do sector primario.
- Crear un Centro de Formación do Sector Primario, podendo situarse na parroquia do Val.
- Estudar propostas e colaboracións que poidan facilitar a transformación dos produtos do sector, creando valor engadido sobre eles.
- Restauración e modernización das instalacións da Feira do Trece, para poder desenvolver calquera tipo de evento cunhas condicións dignas.
- Estudar a situación dun Mercado de abastos no que produtores e produtoras locais podan ofrecer produto de proximidade e calidade.

**merecemos
un **Narón**
sostíbel**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Abrirnos ao mar e rematar o saneamento. Crear unha pranta de compostaxe e/ou promover unha comarca que dea cobertura a todo o concello implicando aforro económico e menos emisións de CO₂. Camiñar cara a implantación da compostaxe como sistema universal e cumprir os obxectivos que nos marcan en biorresiduos a UE. Colaboración con todo o asociacionismo en relación co medio ambiente e benestar animal. Apostar polas comunidades enerxéticas.

4.1. Natureza e medio ambiente

Avogar por un modelo de desenvolvemento sustentábel é posíbel e necesario ademais de ser socialmente xusto. A destrución ambiental crea desigualdades e vai contra a propia saúde pola calidade do ar, as augas e a propia terra:

- Defender a ría e a súa posta en valor saneada, viva, como ben paisaxístico, como lugar de traballo ou de lecer.
- Solicitar a modificación das pontes das Pías e a do tren que impiden unha circulación axeitada das augas.
- Vixiar o estado dos nosos ríos e regatos e velar pola súa limpeza e posta en valor. A auga é fonte de vida e é preciso promover o seu uso racional.
- Apostar por camiños verdes, con valor paisaxístico, turístico e fomentador de hábitos de vida saudábel e como modo de comunicación.
- Impulsar modelos de xestión dos residuos, que melloren os obxectivos de reciclaxe impostos por Europa.
- Aposta decidida pola compostaxe, fronte ao modelo Sogama a través dun plan específico que promova unha planta na comarca. Impulso á compostaxe doméstica e comunitaria en todo o concello.
- Modelo e frecuencia de recollida de lixo no rural e urbano que garanta unha separación de calidade de materia orgánica e das demais fraccións do lixo.

- Plan específico contra a proliferación de plantas invasoras no noso concello e o seu control e retirada
- Declarar a Narón concello libre de glifosato.
- Rematar as obras de saneamento no rural.
- Apostar por unha política forestal racional e libre de incendios.
- Estudar e apostar pola creación de comunidades enerxéticas que permitan reducir os custos da enerxía nos fogares naroneses.
- Desenvolvemento de unidades didácticas nos centros de ensino sobre a importancia do coidado do medio ambiente, ecoloxismo e reciclaxe con organizacións e asociacións que si o traballan, defenden e o promoven atendendo ás integradas na Federación Ecoloxista Galega (FEG). Evitar empresas, públicas ou privadas, como Sogama ou Endesa para promover o ecoloxismo que cando o fan é como mero carácter propagandístico.
- Plan de eficiencia enerxética para edificios municipais (pavillóns, ...)
- Colaboración directa con todas as asociacións que protexan o medio ambiente e o coidado dos animais. Traballar en prol da concienciación sobre o benestar animal, colaborando con protectoras locais, así como axudas a entidades ou adoptantes.
- Elaborar distintivos que promovan unha boa actuación en parroquias e barrios do coidado e protección dos animais domésticos.
- Programas de educación ambiental e sensibilización social. Poñer en valor o noso territorio e paisaxe é poñernos en valor a nós mesmas.
- Promover oferta vexetariana e vegana en todos os comedores e cáterings de actos promovidos polo Concello.
- Traballar pola recuperación do Río Xuvia e a área recreativa de Pedroso incluíndo a zona de baño.
- Control da calidade do ar e da contaminación acústica.

**merecemos
un **Narón**
conciliador**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Termos unha residencia de maiores pública, colaboración con entidades que promoven a inclusión, recuperar os edificios históricos e darlles usos. Ser unha cidade viva.

5.1. Inclusión social e benestar

O BNG entende que os Servizos Sociais son un dereito universal e debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, planificados, con xustiza, e que cumpran os obxectivos para os que son destinados.

- Toda a veciñanza ten dereito aos mesmos servizos independentemente de onde vivan ou dos recursos que teñan, e correspóndelle ao concello velar por iso nas súas responsabilidades ou nas de outras administracións.
- Velar pola consecución de maiores servizos e máis persoal sanitario e administrativo atendendo á ratio por habitante no centro de saúde, así como, esixir ante a Xunta de Galicia a reparación das constantes deficiencias existentes no edificio dende a data da súa entrega. (Ascensor, baños, ...)
- Pular por un servizo permanente de psicoloxía clínica que atenda ao cada vez máis perentorio problema da saúde mental.
- Atención urxente e inmediata do Servizo de Axuda no Fogar co desafogo das listas de agarda e control estricto das empresas prestadoras destes servizos no noso concello, que corrixa o actual desleixo do goberno actual. Inversión para reducir a lista de espera en Narón. Atención de servizos sociais continuado nos fogares namentras se estea en lista de espera.
- Mantemento e mellora dos servizos de atención e información ás persoas maiores: Xantar na Casa, tele-asistencia, transporte adaptado,...
